

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 27 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 (códigos de procedemento ED431C, IN607A, ED431B, IN607B, ED431F e IN607D).

Advertido un erro na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 21, do 30 de xaneiro de 2024, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 8952, número 4 do artigo 6, onde di:

«O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación»,

Debe dicir:

«O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación».

Así mesmo, na páxina 8972, no segundo parágrafo do ordinal 7º, onde di:

«Para aqueles grupos que gozaron da axuda de grupos de referencia competitiva nas convocatorias dos anos 2016 e 2020 e na avaliación final da convocatoria do 2020 foron cualificados cun A: "O grupo desenvolveu a estratexia proposta e acadou os obxectivos de consolidación previstos" polos dous membros avaliadores, poderán optar, para a súa avaliación nesta convocatoria, por presentar o citado modelo de memoria descritiva ou ben indicar que desexan ser avaliados nas epígrafes A) e B) do anexo IV (criterios de



avaliación) pola memoria de avaliación final da convocatoria do ano 2020, e a Comisión de Avaliación externa poderá solicitar calquera información complementaria. En todo caso, deberán presentar a información relativa á epígrafe C) do anexo IV e dos indicadores polos cales preferentemente desexan ser avaliados nas fases intermedia e final»,

Debe dicir:

«Para aqueles grupos que gozaron da axuda de grupos de referencia competitiva nas convocatorias dos anos 2016 e 2020 e na avaliación final dalgunha desas convocatorias obtiveron, cando menos, unha cualificación A: “O grupo desenvolveu a estratexia proposta e acadou os obxectivos de consolidación previstos”, poderán optar, para a súa avaliación nesta convocatoria, por presentar o citado modelo de memoria descritiva ou ben indicar que desexan ser avaliados nas epígrafes A) e B) do anexo IV (criterios de avaliación) pola memoria de avaliación final da convocatoria do ano 2020, e a Comisión de Avaliación externa poderá solicitar calquera información complementaria. En todo caso, deberán presentar a información relativa á epígrafe C) do anexo IV e dos indicadores polos cales preferentemente desexan ser avaliados nas fases intermedia e final».

